

PROXECTO DE REVISIÓN 2023-2024

PUNTOS APROBADOS NO CURSO
2023 NO CEIP RAMÓN
CABANILLAS
NOFEC



INTRODUCCIÓN

artigo 1. Entidade, horario e fins



INTRODUCCIÓN

Unha escola constitúe unha comunidade de persoas formada por alumnado, profesorado, persoal non docente e pais/nais/titores legais que, realizando funcións diversas, teñen como finalidade a formación completa do alumnado, cunha visión complexa e poliédrica que ten que ver co ámbito persoal, social, emocional, ético e que se atopa incluído nunha sociedade que vive en democracia. A escola adátase ás capacidades e aptitudes de cada individuo, desenvolvendo a súa personalidade segundo a súa idade e progreso persoal, nun clima de convivencia e respecto.

Pero unha comunidade, por pequena que sexa, precisa para adecuado funcionamento dunhas normas cívicas que permitan definir as responsabilidades de cada un dos seus componentes, así coma as súas funcións coa finalidade de regular as relacións na liña dun comportamento humano saudable e desexable na sociedade na que vivimos e que desexamos ter nun futuro próximo.

O marco de convivencia ideal é o que ten que ver coa autorregulación e xestión do comportamento en sociedade, a autorresponsabilidade creando un espazo no que chegue a ser innecesaria a intervención en actuacións disciplinarias de carácter coercitivo. De ser inevitables, estas teñen un carácter educativo e contribuíndo á restauración dos danos ocasionados e á formación do alumnado.

A vida no CEIP Ramón Cabanillas está relacionada coa contorna na que se atopa, e o verde é unha das características que lle ofrecen as Brañas do Sar, ademais, a organización e xestión do centro educativo de carácter público, axústase ás disposicións xerais da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, así como ao presente documento sobre as Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia revisado, nalgún dos seus artigos, no Claustro e Consello escolar do 29 de xuño de 2023

ARTIGO 1

O CEIP Ramón Cabanillas ten o seu domicilio en Santiago, rúa José Antonio Souto Paz, nº 5. Código de centro 15015998 e código de zona 151427.

A xornada escolar ou lectiva é con carácter xeral de 9:00 a 14:00 h. de luns a venres. O profesorado debe estar no centro o tempo suficiente para a atención do alumnado segundo as súas funcións.

O centro permanece aberto dende as 7:30 ás 18:30 h de luns a venres. Os martes está aberto ata as 19:00 h., establecéndose, con carácter xeral esta tarde da semana para reunións, coordinacións e dinamizacións do profesorado.

O centro educativo conta con servizo de Madrugadores, que ten un horario de 7:30 a 9:00 h. de luns a venres. Este servizo é xestionado polo Concello de Santiago de Compostela na modalidade de concesión a unha empresa de restauración.

O centro educativo conta con servizo de Xantar de 14:00 a 16:30 h. de luns a venres, distribuído en tempo de xantar e tempo de lecer. Este servizo é xestionado polo Concello de Santiago de Compostela na modalidade de concesión a unha empresa de restauración.

O centro educativo conta con Actividades extraescolares e servizo de Ludoteca, desenvolvidas de 16:30 a 18:30 h. de luns a venres. Este servizo é xestionado pola ANPA As Brañas do CEIP Ramón Cabanillas.

ARTIGO 1

O alumnado transportado estará atendido por profesorado de garda dende a chegada do primeiro autobús, e nunca antes das 8:50 horas.

O alumnado de coleccionistas e o que chega andando debe agardar no exterior, organizándose en ringleiras por orde de entrada, segundo a súa porta de acceso, agardando cun titor/a legal ou en quen delegue ata as 9.00, hora de entrada ao recinto, e será recollido por un docente responsable dese curso académico na primeira hora lectiva.

O servizo de madrugadores, xantar e actividades extraescolares empregan a planta baixa do edificio (ximnasio, espazo específico de comedor, aula de música e biblioteca, os espazos verdes e patios semicubertos do centro educativo da planta baixa). O acceso a estes servizos realízase polo portalón do patio de columnas (onde está o mural conmemorativo á figura de D. Ramón Cabanillas realizado polo pintor Leandro Lamas).

A ANPA realiza algunhas actividades extraescolares en pavillóns da zona autorizados pola Concellería de deportes e benestar animal do Concello: O Restollal e Pontepedriña.

O centro cede as instalacións para o desenvolvemento destes servizos de madrugadores, comedor e actividades extraescolares organizadas pola ANPA e o Concello de Santiago:



- Madrugadores de 7:30 a 9:00, comedor de 14:00 a 16:30.
- Actividades extraescolares 16:30 a 18:30 horas en días lectivos e, en días non lectivos co horario que solicite o Concello e sexa aprobado pola Xefatura territorial.

A responsabilidade tanto civil como monetaria (reparacións e reposicións) correrán a cargo das entidades que xestionan a organización e desenvolvemento destas actividades.



PLAN DIXITAL

artigo 12. Equipo do Plan dixital, E-Dixgal
e Polos Creativos



ARTIGOS 12, 13 E 14

O Plan dixital está formado polo coordinador TIC-Polos Creativos e E-Dixgal. Reuniranse, cando menos, unha vez no trimestre.

Haberá un coordinador E-DIXGAL e un coordinador do Plan Dixital-Polos Creativos. Poderán ter sesións de apoio ás TIC no seu horario lectivo. Un membro do equipo será o encargado de administrar as novas na páxina Web.

O equipo E-Dixgal, conxuntamente coa persoa coordinadora serán as que desenvolvan as seguintes funcións:

- Coordinar as incidencias en Premium, levar seguimento, comprobar que se resolven.
- Desenvolver labores de formación co profesorado implicado no traballo con estas ferramentas.
- Levar a cabo o reparto e distribución dos recursos co emprego do panel de control, o coordinador do CAFI, etc.
- Levar a cabo o inventario e comprobar o estado dos recursos en colaboración co profesorado implicado no traballo con estas ferramentas ao finalizar o curso.



O equipo TIC e Polos creativos, conxuntamente coa persoa coordinadora serán as que desenvolvan as seguintes funcións:

- Desenvolver os obxectivos do Plan Dixital para cada curso académico (segundo PXA).
- Colaborar no emprego dos recursos de Polos Creativos, na casa das ciencias do RC.
- Concretar as instrucións de uso dos espazos dos recursos de Polos Creativos.
- Dinamizar o uso dos recursos TIC e de Polos creativos.



HORARIO LECTIVO

artigo 15. Entradas e saídas



HORARIO LECTIVO

O centro conta con 3 entradas e saídas:

- Entrada/saída porta de administración (principal). Acceso de educación infantil e 1º ciclo de EP. Alumnado de colecamiños ou que vén a pé acompañado dun titor/a legal.
- Entrada/saída portalón do patio de columnas. Acceso do alumnado transportado (EI e EP) e do alumnado de 2º ciclo de primaria de colecamiños ou que vén a pé acompañado dun titor/a legal.
- Entrada/saída porta zona escaleiras, final do patio de columnas. Acceso do alumnado de 5º e 6º EP e colecamiños ou que vé a pé acompañado ou non (previo permiso expreso) dun titor legal ou en quen delegue.

HORARIO LECTIVO

As saídas realízanse polas mesmas portas asignadas para a entrada, en orde inverso, e dita entrega sempre se realiza aos titores/as legais ou persoas nas que deleguen de forma expresa e por escrito, salvo autorización expresa e por escrito de que vai só/soa (5º e 6º EP) ou con autorización expresa e por escrito de que fai uso do servizo ColeCamiños (recomendado a partir de 3º EP). Debido á limitación de espazos no acceso ao recinto, tanto por administración como polo patio, exprésase a necesidade de ser o máis áxil posible e situarse en orde de entrada e saída para evitar aglomeracións, así como retirarse o antes posible das zonas de paso. En caso de choiva, o profesorado de garda poderá indicar entrada sen orde prefixada. Na recollida, prégase axilidade e extremar ao organización antes indicada. Nos accesos polo patio, as familias poderán agardar preto da columna sinalada para a saída do grupo-clase do seu fillo/a ou pupilo/a ou detrás dos monitores/as do autobús.

HORARIO LECTIVO

ALUMNADO DA CASA e COLECAMIÑOS:

O alumnado que vén acompañado por algún familiar ou persoa na que delegue accede ao recinto pola entrada asignada ao seu grupo-clase, non antes das 9 da mañá. A saída prodúcese ás 14 h. por orde inverso, e ao titor legal ou persoa en quen delegue.

Educación infantil (en orde: 6º, 5º e 4º EI) e 1º ciclo de EP (segundo chegada) unha vez toca o timbre, acceden ao recinto polas portas asignadas na entrada de administración do edificio. 2º ciclo de EP accede polo portalón ao patio do Mural conmemorativo de D. Ramón Cabanillas (patio de columnas) por orde de curso: 4º e 3º EP consecutivamente, e por grupos: B e A.

3º ciclo de EP accede polo portal situado máis abaixo de acceso ao patio do Mural conmemorativo de D. Ramón Cabanillas, acceso por chanzos (a excepción de persoas con mobilidade reducida) por orde de curso: 6 e 5º EP consecutivamente, e por grupos: C, B e A.

HORARIO LECTIVO

ALUMNADO TRANSPORTADO:



Ás 8.50 h e ata que todo o alumnado entre no recinto hai profesorado asignado para a súa supervisión no interior do recinto escolar (zona columnas). Do mesmo xeito, ás 13.50 h e ata que o servizo de autobús quede realizado hai profesorado asignado para esta vixilancia. Estacionar o vehículo particular nas zonas de bus está prohibido, afectando sobre todo, no horario de entrada e saída: entre as 8.40 e 9.05 h, así como as 13.35 e ata que este servizo estea realizado.

Por outra parte, preto do centro educativo hai estacionamento para persoas con mobilidade reducida utilizados por familias que traen aos seus fillos/as ao centro educativo e que é de educación cívica respectar.



AGRUPAMENTOS

artigo 20. Criterios de agrupamento do
alumnado



Criterios obxecto de análise para os reagrupamentos:

- 1º) Orde alfabética de apelidos.
- 2º) Igualar numericamente o número de alumnos en cada curso.
- 3º) Equilibrio entre nenas e nenos en cada un dos grupos.
- 4º) Equilibrar as NEAE entre grupos do mesmo nivel.
- 5º) Determinar os grupos do mesmo nivel de forma equitativa polo mes de nacemento no 4º nivel de educación infantil.

O alumnado de nova incorporación ao centro ao longo do curso, será asignado ao grupo con menor matrícula, ata avaliar e confirmar a matrícula definitiva. Teranse tamén en conta as características das aulas e dos alumnos que se incorporan en relación ao alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe, dificultades condutuais, NEAE, etc.)

Todos os anos, aquel alumnado que remate ciclo ou etapa será reagrupado nun grupo clase tendo en conta os principios de inclusión e socialización do alumnado nos grupos de 1º,3,º e 5º nivel de Primaria


artigo 20. Criterios de agrupamento

Os reagrupamentos son establecidos polo profesorado que impartiu clase ao alumnado dese nivel, coa orientación da xetatura do departamento de orientación e a xefatura de estudos, en reunión de equipo de nivel.

A finalidade destas reagrupacións é:

- Integrar e socializar ao alumnado.
- Homoxeneizar os grupos, atendendo á diversidade, procurando evitar diferenzas en canto ao nivel educativo do alumnado de grupos do mesmo nivel, distribuíndo equitativamente entre as aulas do nivel correspondente o alumnado con NEAE, con informes psicopedagóxicos, alumnado que flexibiliza ou que debe permanecer un ano máis no mesmo curso, etc.
- Resolver conflitos (convivencia, conduta, etc.).

No primeiro día lectivo de escola, as familias recibirán información do grupo-clase no que está o seu fillo/a. Nas titorías e desde a xefatura de estudos e DO poderán informar sobre os criterios e cambios nos agrupamentos dos seus fillos e fillas.



ESPAZOS COMÚNS

Hortas escolares (EI e EP)

Biblioteca



Casa das Ciencias do Ramón Cabanillas





HORTAS ESCOLARES

artigo 34. Organización e funcionamiento



artigo 34. Organización e funcionamento

Para a organización e funcionamento das hortas escolares o Equipo de Dinamización de Actividades extraescolares asignará un coordinador/a das Hortas. Este/a será o/a dinamizador/a das actividades de Voz Natura.



Haberá unhas tarefas e un horario mensual para organizar as diferentes actividades a desenvolver por parte do profesorado do centro.

As actividades estarán enmarcadas dentro dos contidos das áreas e materias do currículo vixente e serán desenvolvidas por cada docente, baixo a coordinación do dinamizador das actividades de Voz Natura.



BIBLIOTECA

artigo 34. Organización e funcionamento
da biblioteca



artigo 34. Organización e funcionamento da biblioteca

- Será o lugar de arquivo da maior parte do material bibliográfico, de audio e vídeo do Centro. Por motivos de espazo, parte deste material estará distribuído polas aulas, tentando sempre que no programa de xestión se recolla a ubicación exacta para que estean ben localizados.
- Ao comezo de cada curso establecerase un horario para facilitar o acceso a todo o alumnado do centro en horario lectivo. Cada grupo terá reservada unha sesión semanal.
- Dende outubro permanecerá aberta ás horas do recreo. Estará atendida por un docente do equipo de dinamización da biblioteca, e o alumnado, que terá acceso unha soa vez durante ese tempo, seguirán as instrucións dadas polo equipo de biblioteca. Poderá o alumnado asistir voluntariamente, agás os nenos e nenas que adquiran (tamén dexeito voluntario) o compromiso de asistir a realizar distintas tarefas de axuda que se concretan nun contrato elaborado para tal fin (mantemento da orde, colocación de libros, etc.) O servizo de empréstito e devolución será ata as 12:05.
- Realizaranse quendas semanais por niveis ou grupos pola limitación de aforo.

artigo 34. Organización e funcionamento da biblioteca

- O alumnado que devolva os libros en mal estado ten a obriga de reparalos ou ben, mercalos ou aboalos, sempre que os perda ou queden inservibles.
- Non se poderá retirar ningún material sen o rexistro informático.
- Poderá ser utilizada, previa petición e autorización, para actividades complementarias de fomento da lectura, ben por persoal do centro ou exterior, como contacontos, ilustradores escritores e, puntualmente, outras actividades dirixidas a familias e/ou alumnos como obras de teatro-foro, charlas, conferencias, manualidades; etc
- A biblioteca disporá na súa entrada dunha Buzón de suxestións onde o alumnado poderá indicar, entre outras cousas, os fondos dos que lle interesaría dispoñer no catálogo.
- Poderán establecerse convenios de colaboración entre a comunidade educativa para o seu uso en horario de tarde, segundo se estableza desde a dirección do centro educativo.

1. Normas para a lectura na biblioteca.

O alumnado que o desexe poderá:

- Ler na biblioteca así como facer uso dela para buscar as informacións que precisen paraa realización de traballos. (Uso de marcadores, só para educación infantil)
- Os materiais que se utilicen (libros, DVD...) serán devoltos ao seu lugar. No caso de dúbidas, serán depositados no carriño de devolucións, a carón da mesa de xestión ou entregados ao profesorado encargado ou alumnado colaborador.

No caso de dispor de recursos informáticos, para o seu uso, atenderase os seguintes aspectos:

- Uso dos ordenadores:
 - O tempo do recreo repártese en dúas quendas equitativas (uns 12 minutos).
 - Quen desexe utilizalos deberá apuntarse norexistro preparado.
 - Os ordenadores utilizaranse para procurar informacións e para realizar actividades de carácter educativo.
 - Para a procura de informacións para traballos deberán traer un listado de páxinas facilitado para a realización do traballo.
 - Para realizar actividades de carácter educativo, poderán escoller de entre aquelas que se atopan rexistradas en “favoritos” ou “marcadores”. (Esta lista ampliarase atendendo ás suxerencias que se reciban).
 - Poderá usar cada ordenador un máximo de 2alumnas/os á vez, e sempre sentadas/os.
 - Ao rematar deixarase o ordenador apagado ea cadeira ben colocada.
- Ver películas ou outro tipo de materiais audiovisuais dos fondos da biblioteca, ou outros facilitados polo profesorado.



CASA DAS CIENCIAS DO RAMÓN CABANILAS

35.1. Uso dos espazos durante o horario lectivo.

- A utilización en horario lectivo aterase ao recollido no Proxecto para o fomento do uso das TIC incluído na PXA.
- Haberá ao dispor do profesorado un calendario para a reserva de horario de uso dos espazos.
- Será responsabilidade de cada mestre ou mestra a utilización dos medios informáticos atendendo ás normas que estableza o equipo do Plan Dixital-Polos Creativos.
- O equipo do Plan Dixital-Polos Creativos procurará, na medida dos seus recursos e coñecementos técnicos, resolver os problemas de funcionamento que presenten os equipos informáticos e a rede do centro. Cando non estea ao seu alcance resolvelos, derivará a súa solución aos servizos técnicos da Consellería ou faralle a proposta á Dirección de buscar axuda externa se hai recursos orzamentarios para facelo.

35.2. Uso do espazo para actividades organizadas pola ANPA para o alumnado do centro.

Autorizarase anualmente o seu uso á ANPA para a realización de cursos destinados ao alumnado do centro, sempre que esta:

- Se responsabilice do mantemento dos equipos informáticos.
- Colabore no gasto de consumibles.
- Vele porque durante estas actividades non se instale ningún software nin se efectúen descargas de programas sen o coñecemento previo do coordinador TIC e a aprobación da Dirección.
- Asuma a responsabilidade civil que puidera derivarse de calquera incidencia que teña lugar nese tempo.

O acceso do alumnado á aula farase de forma ordenada, subindo polas escaleira principais, acompañado do monitor ou da monitora que imparta a actividade. As familias recollerán aos nenos e nenas no patio de columnas e á hora de remate destas clases.





DEREITOS E DEBERES

artigo 37. Alumnado

artigo 38. Pais/Nais/Titores legais

artigo 39. Profesorado

artigo 40. PAS



artigo 37. Dereitos e Deberes dos Titores legais, pais e nais.

Segundo a Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa:

Artigo 6. Dereitos e deberes das nais e pais ou das titoras ou titores.

1. As nais e pais ou as titoras ou titores, en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, son titulares dos seguintes dereitos de convivencia e participación, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:


a) A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.

b) A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros dos equipos directivos dos centros docentes.

c) A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia nos centros docentes.

d) A ser oídos, nos termos previstos por esta lei, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.

e) A participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a Administración educativa.



artigo 37. Dereitos e Deberes dos Tutores legais, pais e nais.

2. Así mesmo, como primeiros responsables da educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, teñen os seguintes deberes:

- a) Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e cos centros docentes.
- b) Coñecer as normas establecidas polos centros docentes, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.
- c) Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.
- d) Colaborar cos centros docentes na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.

artigo 38. Dereitos e Deberes do alumnado

Segundo a Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa:

Artigo 7. Dereitos e deberes do alumnado.

1. Recoñécenselle ao alumnado os seguintes dereitos básicos de convivencia escolar, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:



a) A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.

b) A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.

c) Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.

d) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.

e) A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.



2. Son deberes básicos de convivencia do alumnado:

- a) Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.
- b) Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.
- c) Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.
- d) Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.
- e) Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.
- f) Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia dos seus respectivos centros docentes.
- g) Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.
- h) Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.

artigo 39. Dereitos e Deberes do profesorado

Segundo a Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa:

Artigo 8. Dereitos e deberes do profesorado.

1. Ao profesorado, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes dereitos:

a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.

b) A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.


c) A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.

d) A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares.

e) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.

f) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.

g) A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflictividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.



2. Son deberes do profesorado:


a) Respetar e facer respetar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.

b) Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndooas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.

c) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.

d) Informar ás nais e pais ou ás titoras ou titores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención a aqueles que lle impoña a normativa aplicable.

e) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.



Artigo 9. Dereitos e deberes do persoal de administración e de servizos.

1. Ao persoal de administración e de servizos dos centros docentes, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes dereitos:

- a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- b) A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- c) A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.
- d) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións.
- e) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.



2. Son deberes do persoal de administración e de servizos:

- a) Respetar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- b) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- c) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.
- d) Gardar sigilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.



PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

Cap. XII



Capítulo XII. Plan de autoprotección

O plan de autoprotección é renovado durante o curso 2022-23. Dito plan lévase a cabo por parte da arquitecta Fuensanta Albo López, Arquitecto Técnico Colx. nº 1191. Dito plan está inscrito no REGAPE dendeo o mes de xaneiro. Está previsto que, anualmente, se realice unha situación de simulacro que axude na preparación do desenvolvemento dunha avaliación ou mellor preparación nun proceso de estrés por emerxencia.

OBXECTIVO XERAL

Detallar os mecanismos e medidas dispoñibles para facer fronte a calquera incidencia que afecte á seguridade do alumnado, profesorado e demais persoas da comunidade escolar, así como das propias instalacións.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Coñecer as instalación do centro
- Saber os perigos e os medios de protección dispoñibles.
- Saber cómo actuar no caso de emerxencia.
- Dispoñer de persoas responsables que garantan un correcto control nunha evacuación.
- Concienciar a toda a comunidade sobre a importancia de establecer protocolos de actuación para posibles casos de risco.
- Realizar simulacros de evacuación
- Adquirir hábitos de comportamento ante situacións de risco ao longo da vida.

METAS

1º REVISAR

Revisar as actuais NOFC co obxecto mellorar a súa comprensións, acutalizar os seus contidos e tomar conciencia do que implican no CEIP Ramón Cabanillas.

2º MELLORAR

Corrixir as NOFC coa intención de actualizar a norma á vixencia de Galicia ao CEIP Ramón Cabanillas.

3º DAR A COÑECER

Dar a coñecer as NOFC coa finalidade de que a comunidade educativa do CEIP Ramón Cabanillas desenvolva ferramentas para a convivencia en harmonía e segundo os DDHH e as ratificacións das convencións posteriores.